

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

RESOLUCIÓN do 13 de novembro de 2012, do tribunal encargado de xulgar o proceso selectivo para o ingreso na clase de farmacéutico/a inspector/a de saúde pública, relativa á baremación provisional da fase de concurso.

O número 4 da base sexta B) da Resolución do 27 de xullo de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* nº 149, do 5 de agosto), pola que se convoca concurso-oposición libre para o ingreso en diversas clases de persoal sanitario funcionario ao servizo da Comunidade Autónoma, incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, dispón que, tras realizar o tribunal a baremación correspondente da fase de concurso, se publicará o anuncio da súa exposición no *Diario Oficial de Galicia*, para os efectos de que os/as aspirantes que o consideren oportuno poidan presentar reclamación ante o propio tribunal que,

RESOLVE:

Primeiro. Publicar nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na páxina web www.sergas.es as puntuacións provisionais obtidas polos aspirantes da clase de farmacéutico/a inspector/a de saúde pública no proceso selectivo convocado pola Resolución do 27 de xullo de 2010 (DOG nº 149, do 5 de agosto), relativas á baremación provisional da fase de concurso, indicando ademais os/as aspirantes excluídos/as da fase de concurso por non achegar a documentación requirida ou por non cumprir os requisitos da convocatoria.

Segundo. Os/as interesados/as poderán presentar reclamación ante o tribunal no prazo de quince días hábiles seguintes a esta publicación. A estimación ou desestimación das ditas reclamacións entenderase implícita na resolución pola que se publiquen as puntuacións definitivas da fase de concurso.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2012

Ramón Martínez Blanco
Presidente do tribunal

